



GRUPO DE TRABALLO

“MODELOS REXIONAIS INSTITUCIONAIS-DEMOCRACIA REXIONAL”

INFORME

PLAN DE TRABALLO 2013

ASEMBLEA PLENARIA CALRE

Bruxelas, 21-22 outubro 2013



1. INTRODUCCIÓN

A continuidade na coordinación do Grupo de Traballo *Modelos rexionais institucionais-democracia rexional* foi asumida polo Parlamento de Galicia na Asemblea Plenaria da CALRE celebrada en Mérida en novembro de 2012.

Os membros do Grupo de Traballo durante 2013 foron:

-  Consiglio Regionale do Veneto
-  Parlamento do País Vasco
-  Parlamento de Extremadura
-  Cortes Valencianas
-  Parlamento de Andalucía
-  Xunta Xeral do Principado de Asturias
-  Consiglio Regionale della Sardegna
-  Consiglio Regionale dell´Abruzzo
-  Consiglio Regionale della Valle D´Aosta
-  Flemish Parliament
-  Parlament de la Communauté Française
-  Parlamento de Galicia (coordinador)



2. LIÑAS DE TRABALLO

A liña de traballo que propuxemos no Plan do Grupo para o ano 2013 foi a seguinte:

Estudo comparado dos modelos parlamentarios da Unión Europea

Ao longo de 2012 comezamos o estudo comparado dos modelos parlamentarios da Unión Europea. Foi precisamente o labor desenvolvido ata o momento o que nos animou e motivou para continuar nos avances neste grupo de traballo, cuxo obxectivo é incidir no papel fundamental das asembleas e parlamentos legislativos rexionais no proceso democrático e de toma de decisións.

Así pois, e para dar continuidade ao estudo comparado xa iniciado e co obxectivo de identificar aquelas mellores prácticas que revertan na eficiencia institucional das nosas cámaras legislativas, o 5 de marzo de 2013 solicitamos aos membros do grupo de traballo que nos enviasen cuberto o cuestionario e que, no caso de que xa o teren contestado en 2012, o actualizasen.

O 8 de maio de 2013 enviamos unha carta a todas as asembleas e parlamentos legislativos rexionais que forman parte da CALRE na que os convidabamos a participar no noso estudo comparado para facelo o máis amplo posible.

Recibimos achegas dos seguintes parlamentos (incluímos tamén as do Parlamento de Galicia):

- Parlamento de Extremadura
- Parlamento de Andalucía
- Parlamento do País Vasco
- Flemish Parliament
- Consiglio Regionale della Valle D´Aosta



- Parlement de la Communauté Française de Belgique
- Parlement de la Région de Bruxelles-Capitale
- Parlement de la Fédération Wallonie-Bruxelles
- Parlamento da Illes Balears
- Consiglio Regionale Friuli Venezia Giulia
- Bremen
- Parlamento de Galicia

O 8 de xullo de 2013 celebramos no Parlamento de Galicia unha xornada técnica do Grupo de Traballo *Modelos rexionais institucionais-democracia rexional*, na que contamos coa presenza de destacadas figuras do mundo xurídico como Néstor Pedro Sagüés (catedrático titular de Dereito Constitucional da Universidade de Bos Aires); Roberto Blanco Valdés (catedrático de Dereito Constitucional da Universidade de Santiago de Compostela); Ignacio Navarro Méndez (letrado do Parlamento de Canarias), e Cristina Ares Castro-Conde (profesora doutora do Departamento de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago de Compostela).

Nesta xornada técnica contamos coa presenza de Françoise Dupuis, presidenta da CALRE, e de Sergé Gouvert, secretario xeral da CALRE, ademais de funcionarios do Parlamento de Galicia, da Xunta e doutras institucións, xa que foi unha xornada aberta a todos os que estivesen interesados en asistir.

3. CONCLUSIÓNS

3.1. A calidade democrática, aspiración permanente

A repartición territorial de poder presenta diversas modalidades e fórmulas, tanto desde o punto de vista da forma de estado como do propio da forma de goberno. As construcións dogmáticas sobre esta cuestión e a práctica do dereito comparado testemuñan semellante diversidade. Deste modo



confórmanse arquitecturas institucionais diferentes e técnicas de relación entre os poderes territoriais tamén diverxentes.

Sexa como for, á marxe deste panorama diverso, a referencia axiolóxica básica non pode ser outra que a democracia. A democracia preséntase como o sistema público que mellor garante a liberdade e a dignidade da persoa, polo que debe ser referente inescusable na organización da comunidade política.

Para mellorar o rendemento institucional dos sistemas territoriais, e para manter viva e actualizada a idea democrática, sempre é aconsellable proceder a estudos e análises cualitativos que fornezan claves que poden explorarse no futuro inmediato. O tempo presente exige análises permanentes co obxectivo de atopar solucións aos problemas que as novas realidades nos suscitan.

Sobre este convencemento, desde o Grupo de Traballo da CALRE *Modelos institucionais rexionais e democracia rexional* asumimos esta análise co obxecto de achegar fortalezas e de mitigar debilidades no papel chamado a desempeñar en especial polos parlamentos rexionais. En especial, preocupámonos por identificar e delimitar as mellores prácticas que demostraron ser útiles para incrementar a eficiencia institucional das nosas cámaras lexislativas. O exame comparado é, sen dúbida, unha riqueza para afrontarmos os problemas propios e para inspirarmos as reformas que se consideren oportunas.

3.2. O parlamento como referente, o parlamento rexional como necesidade

A institución parlamentaria debe manterse como un referente na arquitectura do sistema, xa que é nela onde a cidadanía se ve representada de maneira obxectiva. O parlamento, desde bases modernas e en permanente actualización, revélase como o órgano central no control dos poderosos executivos da modernidade e como cualificado altofalante ante a opinión



pública, tanto nas cuestións destacadas da axenda política como nos asuntos de interese xeral. A representación no seu seo é cualitativa, non só pola forma en que se obtén senón tamén polas finalidades de interese xeral que se perseguen.

Na mesma liña se sitúan os parlamentos rexionais, verdadeiras cámaras de representación democrática, que beben das súas bondades e que fornecen solucións imprescindibles na gobernanza multinivel que nos ofrece o presente.

Os parlamentos rexionais responden ás necesidades de autogoberno de moitas rexións europeas, desde un entendemento democrático da representación e das funcións. Asumen, así, o reto da lexislación de calidade e de control do poder, todo isto ao servizo do interese xeral. Atopamos rexións moi diferentes na Unión Europea, pero todos os seus parlamentos responden a estes mesmos obxectivos. A súas fortalezas aconsellan o reforzamento das asembleas rexionais, que sempre deben inspirarse nos máis arraigados valores democráticos.

O esquema habitual adoita basearse nunha serie de previsións constitucionais sobre a descentralización política, que outorgan autonomía –ou a posibilidade de acceder a esta– a certos territorios. A partir de aí tales territorios dótanse institucionalmente para exercer as súas competencias e cumprir coas funcións que deben desempeñar. Nesta tarefa a asemblea lexislativa é o órgano esencial, pois simboliza a autonomía do territorio en tanto en canto é capaz de aprobar leis. As técnicas de relación entre as diversas entidades cambian dun país a outro e ofrecen variadas fórmulas de coordinación, cooperación e colaboración.

A permanente actualización das cámaras rexionais permitiralles satisfacer as novas esixencias cidadás, que xiran derredor das perspectivas de acción con máis expectativas. Desta forma, tales cámaras cobran singular relevo na calidade democrática do conxunto do sistema público, pola súa



proximidade e polos elevados estándares que poden instaurar no exercicio das súas funcións.

Ademais, os parlamentos rexionais colaboran de forma poderosa no equilibrio de conxunto, o que os converte en cualificados instrumentos do principio democrático ao servizo da participación e do pluralismo.

3.3. A descentralización ofrece máis fortalezas que debilidades

A repartición territorial do poder político é un tema de primeira magnitude na teoría da constitución, con ampla tradición e vigoroso desenvolvemento. Para darlle resposta articuláronse distintas formas de estado, que trataron de servir con equilibrio e eficacia a distintas necesidades, tanto dos poderes territoriais como centrais.

Para perfilar tales cuestións, na xornada de traballo desenvolvida o 8 de xullo de 2013 no Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela, debatéronse os elementos do estado federal e do estado rexional.

Neste senso, seguindo a Néstor Pedro Sagüés, especialista arxentino que participou no mencionado evento, podemos detectar seis principios que caracterizan o estado federal: a necesidade política, a flexibilidade institucional, a legalidade da variedade, o principio de cooperación, a adaptación e a lealdade federal.

Así as cousas, hai que ter en conta que o valor igualdade non se cotiza igual que nun estado unitario, ao sufrir modulacións. A cota de dereitos cambia nos territorios. Ademais, nas relacións entre estados poden flutuar, o que demostra a capacidade de adaptación deste modelo.

En canto á aludida lealdade federal, cómpre ter en conta que o estado federal debe velar polos dereitos dos membros, non erosionar os seus dereitos. Tamén os territorios deben respectar o estado federal. A cesión de



competencias a nivel internacional pode usurpar competencias de territorios. Podería servir de exemplo, en Estados Unidos, a «cláusula federal» (a Federación, ao asinar un tratado internacional, reserva para si as competencias dos estados).

Un sistema de repartición territorial do poder orixina múltiples relacións entre o estado central e as entidades territoriais. Son múltiples os exemplos de coordinación e cooperación. Ás veces estas relacións son de interferencia ou influencia, en ambos os sentidos. Desta forma, en ocasións os entes territoriais participan no proceso constituínte, na aprobación da reforma constitucional, no senado ou, incluso, na celebración de tratados. Desde o punto de vista da inmisión central, o exemplo podería ser o mecanismo de intervención federal, que se concreta en produtos diferentes no dereito comparado.

O estado federal, en fin, amósasenos como unha categoría polifacética, incluso aberta recentemente á rexionalización (Arxentina desde 1994). Como produto da dinámica política evoluciona e adáptase aos novos contextos. Neste sentido, o constitucionalista Roberto Blanco Valdés, na citada xornada de traballo de xullo, indicou como os sistemas federais, malia os seus múltiples rostros, actuaron como unha balanza territorial de poder e achegaron solucións para os problemas de convivencia.

Desta maneira, a descentralización territorial demostra máis fortalezas que debilidades para, por un lado, achegar os servizos públicos á cidadanía e, por outro, dar satisfacción política a distintas aspiracións territoriais, mantendo a diversidade na unidade. O tempo presente, desde a racionalidade e a concreción das dimensións das administracións, con reformas se é preciso, reforza estas bondades da descentralización, nun momento en que a cidadanía é máis consciente ca nunca do seu papel esencial no sistema democrático e reclama lexitimamente dos seus poderes públicos áxiles e eficaces respostas ante os seus problemas.



3.4. Na procura das mellores prácticas

A partir das respostas puidéronse analizar un bo número de mellores prácticas no ámbito parlamentario. Trátase de levar a cabo estratexias cualitativas que permitan detectar, perfilar, fomentar e difundir tales mellores prácticas.

a) Aspectos que fortaleceron a función lexislativa

Nos últimos anos os parlamentos rexionais realizaron reformas e introduciron elementos co obxecto de mellorar a súa función lexislativa.

Neste senso, asistimos a actuacións que directamente elevan a eficiencia da actividade lexislativa:

- fixación da duración dos procedementos:

Friuli Venezia Giulia

- regras para a redacción dos textos normativos tendentes a asegurar a súa calidade:

Bruxelas-Capital: xustificante de recepción dunha proposición lexislativa na que os servizos da Cámara examinan se a mesma presenta unha escritura de calidade.

Friuli Venezia Giulia: regras de redacción de textos para a correcta formulación do proxecto de lei.

- control de coherencia:

Bruxelas-Capital: xustificante de recepción dunha proposición lexislativa na que os servizos da Cámara examinan se esta corresponde coas



competencias legislativas propias e se os reenvíos e referencias a outras normas son correctos.

Flandres: un terzo de deputados poden obrigar o presidente a pedir asesoramento xurídico do Consello de Estado acerca dun proxecto de lei.

Friuli Venezia Giulia: exame do deseño da lei para verificar a súa coherencia cos principios constitucionais, cos do ordenamento xurídico xeral e cos do ordenamento sectorial no que deba inserirse.

- información sobre proxectos ou proposicións de lei:

Flandres: documento de reflexión legislativa en mans de todos os deputados para que resuman a lexislación nun asunto e os problemas desta, presentando un esquema da nova regulación que podería mellorar a anterior.

Galicia: apertura de información governamental sobre proxectos de lei en páxinas web do Goberno galego.

Illes Balears: informes, documentación e avaliación da lexislación precedente e a súa incidencia efectiva. Tamén, cumprimento das tramitacións ambientais.

Illes Balears: publicación en boletíns oficiais e, tamén, nos medios de comunicación social.

- correccións formais en diversas fases do procedemento legislativo:

Friuli Venezia Giulia.



- Incídese na posibilidade de emendas, opinións e suxestións:

Andalucía: comparecencias informativas dos axentes sociais e organizacións interesadas ante o Parlamento antes de que os grupos formulen emendas.

Flandres: o documento de reflexión legislativa envíase a unha comisión cuxos integrantes expresan as súas opinións ao respecto, que poderán ser tidas en conta polo deputado á hora de efectuar a súa proposta legislativa.

Flandres: facilidades para que os deputados obriguen unha comisión a realizar unha segunda lectura dun proxecto de lei.

Friuli Venezia Giulia: a presentación de emendas modificativas (en pleno hai máis restricións ca en comisión).

Friuli Venezia Giulia: as comisións poden convidar suxeitos interesados na materia obxecto da proposta legislativa.

Extremadura: toda iniciativa legislativa é obxecto dun debate de totalidade, o que garante que xa desde a fase inicial da tramitación os grupos parlamentarios poden efectuar xuízos políticos sobre a idoneidade ou non dun proxecto ou proposición de lei.

Extremadura: nova fase do procedemento legislativo denominada período informativo, polo que os grupos poden solicitar a comparecencia dos axentes sociais, organizacións e cidadáns.

Federación Valonia-Bruxelas: todos os membros do Parlamento poden presentar propostas legislativas.



Galicia: potenciación da web da cámara para que o cidadán achegue suxestións aos textos lexislativos (programa específico denominado *Lexisla con nós*).

Illes Balears: prazo de quince días para que os grupos parlamentarios recaden opinións sobre o proxecto ou proposición.

- Incídese na programación dos traballos, na comunicación e na organización das discusións:

Friuli Venezia Giulia: método para a programación dos traballos.

Galicia: mellora na comunicación entre os equipos do goberno e do parlamento (xornadas de formación en común, coa presenza de xuristas e lingüistas).

- control económico-financeiro:

Flandres: obriga do Goberno de elaborar informes periódicos sobre os principais proxectos que teñan un impacto importante sobre o orzamento.

Friuli Venezia Giulia: previsión expresa para examinar os instrumentos de programación e control económico-financeiro.

- diversos tipos de leis:

Friuli Venezia Giulia: leis rexionais «comunitarias», cun procedemento que trata de conxugar a urxencia temporal das ditas leis cunha adecuada análise por parte de todas as comisións interesadas da asemblea.

- racionalización das comisións e do seu traballo:



Bremen: instalación de plataformas dixitais para as comisións, que permiten un rápido e sistemático acceso á documentación.

Friuli Venezia Giulia: límite numérico aos órganos internos.

- seguimento da lexislación:

Friuli Venezia Giulia: instrumentos para avaliar os resultados obtidos polas leis rexionais. Pódense incorporar «cláusulas de avaliación» nos proxectos, que permiten examinar o modo e o tempo en que teñen lugar o seus efectos, os resultados e os custos da súa aplicación.

Á marxe do dito, en ocasións hai actuacións de carácter xeral que buscan afianzar o principio democrático ou a formación e información de diversos axentes e que tamén poden incidir na mellora lexislativa:

- reforzo do papel das minorías:

Flandres: un terzo de deputados poden obrigar o presidente a pedir asesoramento xurídico do Consello de Estado acerca dun proxecto de lei.

Friuli Venezia Giulia: recoñecemento de existencia da oposición; normas que protexen a capacidade de elaborar políticas alternativas ás da maioría, como reservar para os argumentos da oposición unha cota de tempo non inferior a unha cuarta parte do total dedicado no pleno á discusión da lei en cuestión; asegúrase unha axeitada representación da oposición nos distintos órganos.

Friuli Venezia Giulia: tutela das minorías lingüísticas.

- formación de diversos axentes que interveñen no procedemento lexislativo:



Galicia: formación dos deputados mediante a publicación dun manual parlamentario, que tamén incide en aspectos de técnica lexislativa.

Galicia: formación dos xuristas da cámara (por exemplo, a través das xornadas da Asociación Española de Letrados de Parlamentos–AELPA).

Información:

Flandres: libros verdes configurados como documentos de debate que pretenden estimular a discusión acerca dun tema concreto. Preséntanse aos interesados, aos expertos e tamén, na súa maioría, ao parlamento, que incluso pode adoptar unha postura formal sobre o libro verde e adoptar unha resolución con recomendacións dirixidas ao goberno.

Friuli Venezia Giulia: informe anual da lexislación rexional.

- participación cidadá:

Andalucía: anteproxecto de lei de participación cidadá.

Andalucía: potenciación da iniciativa lexislativa popular e dos concellos.

b) Aspectos que melloraron a capacidade de control e de impulso do goberno por parte do parlamento

Detectáronse distintos aspectos que melloran a capacidade de control e impulso ao goberno por parte do parlamento:

- incremento nos tempos de control e racionalización deste:

Bremen: o Goberno debe informar na preparación das leis, nas cuestións fundamentais da planificación do *Land* e en importantes proxectos.



Bremen: o Goberno debe informar o máis pronto posible sobre os proxectos de cooperación co Estado Federal, os *Lander*, a Unión Europea e outros estados, que afecten intereses esenciais ou teñan un impacto financeiro significativo.

Friuli Venezia Giulia: creación dun comité para a lexislación, o control e a valoración, que potencia as funcións parlamentarias de control.

Galicia: incremento destes tempos nas sesións plenarias.

Illes Balears: racionalización do debate xeral sobre a acción política e de goberno.

Illes Balears: ampliado o prazo para presentar propostas de resolución.

Illes Balears: limitación no número de propostas de resolución, cun máximo de dez por grupo máis dúas por cada deputado.

País Vasco: plenos exclusivamente de control.

País Vasco: incremento da utilización de comisións de investigación.

- incremento dos modos de control:

Andalucía: «preguntas de máxima actualidade», que poden presentarse ata as 19 horas do día anterior ao comezo dunha sesión plenaria, ou tamén ante as comisións ata as 10 horas do penúltimo día hábil anterior á comisión.

Andalucía: preguntas de iniciativa cidadá, que serán asumidas por un deputado para a súa substanciación.

Bremen: se o Goberno do *Land* no seu voto no *Bundesrat* difire do Parlamento, ten que xustificar a súa decisión ante este.



Bruxelas-Capital: o Goberno debe transmitir ao Parlamento informes sobre a execución de certas ordenanzas lexislativas.

Flandres: obriga anual dos membros do Goberno de presentar ao parlamento unha carta política xeral e informes sobre o seguimento das resolucións adoptadas polo parlamento e das recomendacións do Tribunal de Contas.

Flandres: o Goberno pode elaborar informes sobre o seguimento das decisións do Tribunal Constitucional belga e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en casos relevantes para as autoridades flamengas.

Flandres: obriga do Goberno de elaborar informes periódicos sobre os principais proxectos que teñan un impacto importante sobre o orzamento. As preguntas parlamentarias sobre ese tema agrúpanse nun único debate para facer máis eficiente o control.

Friuli Venezia Giulia: a Asemblea discute e aproba o programa de goberno presentado polo presidente rexional, no informe anual sobre o estado da Rexión e o informe sobre o cumprimento do dito programa.

Friuli Venezia Giulia: a Asemblea pode ditar directrices ao presidente da Rexión e á Xunta relativas ao programa de goberno.

Extremadura: introducíronse as preguntas ao presidente do goberno rexional no segundo pleno ordinario de cada mes.

Extremadura: previsión de debates monográficos sobre asuntos de interese xeral da comunidade autónoma, con propostas de resolución.

Illes Balears: pleno específico para debater as propostas de resolución referidas ao debate xeral sobre a acción política e de goberno.



- incremento das capacidades gobernamentais para responder aos requirimentos do parlamento:

Galicia: incremento da capacidade de resposta do goberno das iniciativas escritas provenientes do parlamento.

- acceso á información gobernamental e administrativa por parte dos parlamentarios, respectando a normativa de protección de datos.
- comparecencias:

Extremadura: permítense as comparecencias doutras entidades ou persoas distintas ao goberno.

Illes Balears: se a comparecencia dun membro do goberno ante unha comisión non se substancia no prazo de seis meses, os grupos poden solicitar que teña lugar ante o pleno na primeira sesión que se celebre.

- reforzo do papel das comisións

Andalucía: mecanismo de control de cumprimento das mocións aprobadas a través da comisión correspondente.

Flandres: os informes máis relevantes do Tribunal de Contas inclúense na orde do día das comisións, discutíndose con representantes do referido Tribunal e do Goberno.

Galicia: descentralización do traballo nas comisións.



c) Aspectos que fortalecen a transparencia do parlamento e a súa proximidade á cidadanía

Atopamos aspectos que reforzan a transparencia da institución parlamentaria, o que a achega á cidadanía:

- aumento da información que se transmite:

Andalucía: principios de transparencia. Proxecto de lei reguladora da transparencia na actividade pública.

Andalucía: o Servizo de Publicacións do Parlamento divulga en distintos formatos as diversas facetas da actividade parlamentaria.

Bremen: as comisións parlamentarias deben informar os cidadáns interesados.

Friuli Venezia Giulia: informe sobre a lexislación rexional e sobre outras actividades parlamentarias.

Galicia: publicación da renda e patrimonio dos deputados.

Illes Balears: publicación da declaración de bens patrimoniais e actividades dos deputados.

Illes Balears: declaración do imposto da renda dos deputados incorporada á páxina web do Parlamento.

Valle d'Aosta: publicación relacionada cos orzamentos, no rexistro, os salarios do persoal directivo, a lista dos beneficiarios públicos e privados das subvencións e prestacións.

País Vasco: publicación de cartas de servizos da administración parlamentaria.



- apertura do parlamento:

Andalucía: actividades científicas, culturais e sociais no Parlamento, que se traducen en exposicións, conferencias e xornadas celebradas na súa sede, ou no patrocinio de eventos en institucións educativas.

Andalucía: unidade específica de guías para as visitas. Actividades de portas abertas.

Bruxelas-Capital: visitas regulares ao Parlamento, adaptadas en función do público. Os deputados tamén organizan visitas por si mesmos.

Bruxelas-Capital: dúas xornadas de portas abertas.

Federación Valonia-Bruxelas: o Parlamento conta cun espazo aberto aos cidadáns. Visitas regulares.

Federación Valonia-Bruxelas: o Parlamento organiza eventos culturais e pon as súas instalacións á disposición de diversos eventos públicos. Posúe un espazo para albergar exposicións. Apoia a promoción do patrimonio cultural.

Flandres: exposicións, presentacións de libros, actos literarios e musicais, emisións en directo, programa televisivo semanal, organización do *Festival da política*.

Friuli Venezia Giulia: biblioteca aberta ao público.

Friuli Venezia Giulia: programa de visitas escolares.

Extremadura: celebración de actos na asemblea de carácter cultural ou social.



Galicia: reforzamento das xornadas de portas abertas e de visitas de cidadáns ao Parlamento. Programa de visitas dirixidas a escolares.

Valle d'Aosta: a iniciativa de portas abertas tradúcese nun calendario de visitas guiadas, onde os visitantes participan en discusións e votacións simuladas, e en debates cos representantes rexionais.

- contactos e actuacións con xornalistas:

Flandres

Galicia: actividades de formación para o persoal dos medios de comunicación que cobre a información sobre o Parlamento.

- potenciación de instrumentos dixitais:

Andalucía: información exhaustiva na web, transmisión de sesións e almacenamento destas. Webs individuais e con elementos de interactividade para cada deputado, onde se recollen as súas intervencións. Uso das redes sociais. Bases de datos de biblioteca e documentación abertas.

Bremen

Bruxelas-Capital: informatización dos documentos parlamentarios, renovación do sitio web para mellorar a accesibilidade.

Flandres

Friuli Venezia Giulia: bases de datos, axendas de actividades, ordes do día, actas, documentación, emisión das sesións.



Extremadura: potenciación da web do Parlamento, na que figuran todos os eventos que suceden na Asemblea en tempo real. Deseño gráfico mellorado e interactividade da web.

Extremadura: participación nas redes sociais da Asemblea.

Federación Valonia-Bruxelas: web con moita información, a través da cal se poden escoitar as sesións plenarias.

Federación Valonia-Bruxelas: publicítase no correo electrónico de todos os membros do Parlamento. Ademais, correo electrónico común para que se dirixan aos cidadáns e correos independentes para algúns servizos.

Galicia: sesións plenarias e comisións en directo a través da web.

Illes Balears

País Vasco: fomento da participación cidadá nos proxectos de lei a través das novas tecnoloxías.

- contratación:

Andalucía: portal de contratación.

Extremadura: práctica desaparición da contratación directa.

- existencia dun *ombudsman* para o servizo da cidadanía:

Andalucía

Federación Valonia-Bruxelas

Galicia

País Vasco



Valle d'Aosta

d) Prácticas que melloraron o funcionamento da administración ao servizo do parlamento

- modelos de xestión de calidade e estudos de mellora administrativa:

Federación Valonia-Bruxelas: optimización da xestión dos recursos humanos. Xestión proactiva.

Flandres: proxectos relacionados coa eficacia dos procesos administrativos.

País Vasco: traballo no modelo EFQM (Modelo de Excelencia da *European Foundation for Quality Management*).

País Vasco: cartas de servizos.

- aumento de horarios:

Extremadura: aumento das horas de rexistro de documentos.

- axilización de trámites e racionalización de traballos:

Bruxelas-Capital: racionalización do proceso de transcripción dos debates en comisión, o que permite aos secretarios de comisión concentrarse no traballo lexislativo do parlamento.

Friuli Venezia Giulia: programación das actividades, incluíndo as liñas programáticas.

Friuli Venezia Giulia: regulamento de organización das oficinas.

Extremadura: as facturas abóanse nun prazo de vinte días.

Galicia:



País Vasco: impulso da Mesa do Parlamento.

- melloras das aplicacións informáticas:

Andalucía: proximamente, novos servidores e centralización do centro de proceso de datos. Trabállase na mellora do software de tramitación de toda a información.

Bremen: envío da documentación por vía electrónica.

Flandres: intranet renovada, avanzado proceso de dixitalización.

Illes Balears: directrices estratéxicas contidas no Plan de sistemas de información Parla·Ment. Entre os proxectos, software que contén unha aplicación de edición e presentación de iniciativas parlamentarias (EPI) e unha aplicación de xestión da tramitación parlamentaria (GTPNet).

- actividades de formación:

Andalucía: actividades de formación do persoal do Parlamento.

Bruxelas-Capital: cursos de lingua (francés, holandés, inglés e alemán) para o persoal.

Federación Valonia-Bruxelas

Galicia: programas de formación do persoal ao servizo do Parlamento.

Galicia: potenciación do programa de bolseiros para a formación profesional en sede parlamentaria.

- apoio ao persoal da administración:

Federación Valonia-Bruxelas

Extremadura: creación do portal do empregado.



Galicia: comunicación e permanente *feed-back* cos representantes dos traballadores.

- sistema de valoración do persoal:

Friuli Venezia Giulia: a valoración do persoal baséase no exame do cumprimento de obxectivos. Existencia dun organismo de avaliación.

- eliminación de gastos superfluos:

Flandres: auditorías internas.

Extremadura

Galicia

3.5. Elementos de futuro para elevar o rendemento institucional

No citado cuestionario elaborado no Grupo de Traballo para obter información dos seus integrantes que axudase á análise reflectíase algún aspecto que perseguía detectar elementos que se están a implementar, ou que se van implementar, de mellora da eficiencia institucional da asemblea legislativa. Tratábase de recoller as liñas de actuación previstas para a mellora institucional no proceso de implementación.

- Fomento das novas tecnoloxías da comunicación e da información:

Uso de plataformas dixitais populares, onde os parlamentos deben ter contas dinámicas e actualizadas, e de blogs institucionais e individuais.

Publicación de información en formatos abertos, sobre todo a información relativa ás leis.

Bruxelas-Capital: implementación dun sistema de fluxo electrónico de documentos.



Flandres: proceso continuo de modernización do sitio web, como a instalación dun RSS Feeds.

Flandres: creación de arquivo dixital.

Extremadura: próxima creación do rexistro telemático.

Extremadura: eliminación de papel na tramitación administrativa.

Galicia: específicas melloras para acometer na plataforma tecnolóxica do Parlamento.

- **estratexias informativas:**

Flandres: posibilidade de descarga de arquivos de audio e vídeo de debates.

Extremadura: inclusión de todos os datos económicos na páxina web.

Galicia: manual de información parlamentaria.

- **dinámicas internas:**

Bremen: sistema simplificado de procedementos de votación.

Galicia: mobilidade funcionarial.

País Vasco: redeseño de procesos de administración parlamentaria.

- **formación comparada e avaliación:**

Friuli Venezia Giulia: proxecto CAPIRe, para promover a avaliación das políticas. Trátase dunha iniciativa patrocinada pola Conferencia de Presidentes das Asembleas Legislativas das Rexións e Provincias autónomas italianas.



Friuli Venezia Giulia: *Carta de Matera*, un decálogo de suxestións dirixidas á Asemblea para consolidar a actividade de control e avaliación.

Friuli Venezia Giulia: convenio entre o Parlamento e a Universidade de Trieste para favorecer o intercambio cultural e actividades comúns de investigación.

Galicia: previsión de estadías noutras institucións parlamentarias.

País Vasco: avaliacións da calidade.

País Vasco: obtención do certificado BIKAIN de excelencia no bilingüismo.

- próximas reformas normativas:

Andalucía: anteproxectos de lei no ámbito da transparencia e a participación cidadá. Iniciativas varias: modernización da lexislación de financiamento de partidos; publicidade das rendas e actividades das parellas dos parlamentarios e altos cargos; dotar de maior efectividade a Cámara de Contas de Andalucía; reforma da lei electoral.

Bruxelas-Capital: reexame da repartición de traballo entre as comisións tras a fin do proceso de reforma estatal.

Extremadura: próxima reforma do regulamento da cámara e do estatuto de persoal.

Estes aspectos, detectados no funcionamento dos parlamentos rexionais, poden abrir suxestións para **posibles vías de reforma**.

O parlamento viuse afectado nas últimas décadas por varios factores, como o papel crecente dos partidos políticos, a forza dos executivos, a



dinámica dos medios de comunicación e a nova cultura participativa de cidadáns máis activos e avezados nas novas vías dixitais.

Malia todo iso, a institución parlamentaria segue sendo un referente imprescindible para o sistema democrático. Seguindo a Ignacio Navarro Méndez, participante na xornada de traballo do 8 de xullo de 2013, as virtudes do parlamento baséanse en ser un elemento deliberativo e un espazo para a negociación e a transacción política. O devandito autor apuntou varias cuestións nas que hai que incidir para mellorar o funcionamento das cámaras.

A primeira delas baséase nun reequilibrio entre deputado e grupo parlamentario. O deputado foi absorbido polo grupo parlamentario. Semella oportuno tratar de reequilibrar posicións. Aos deputados pódese dar máis xogo coas TIC, grazas ás cales poden manter un diálogo permanente cos seus electores. Por iso, o parlamento debe formar os seus deputados no uso das novas tecnoloxías. Tamén se poden reforzar as garantías xurídicas para os deputados.

O segundo aspecto fai referencia a un cambio nas funcións parlamentarias de lexislación e de control. O groso da actividade parlamentaria é a función de control, que serve, entre outras cousas, para que as minorías exerzan control do goberno. Estes mecanismos deberían despregarse de maneira áxil, ao tempo que se debe reclamar á minoría que exerza esta función de control de maneira responsable. É preferible mellorar a calidade de control á cantidade. Iso tamén lle axudaría ao parlamento a recobrar a centralidade dos debates sociais. Nesta liña, son mellores as preguntas orais e debe apoiarse os medios de comunicación para que informen. Tamén convén facer seguimento aos instrumentos de orientación política, como as mocións, a través dun proceso de avaliación *ex post*. En canto á función lexislativa, hai que apostar de forma permanente por ter unha técnica lexislativa depurada. As ponencias lexislativas perderon grande parte da súa utilidade. Habería que eliminar tamén



filtros excesivos á iniciativa legislativa popular. De igual modo, resulta útil facer un seguimento das leis, no sentido da xa citada avaliación *ex post*.

En terceiro lugar, debemos incidir nas tecnoloxías da información e da comunicación e a súa aplicación á vida parlamentaria, no contexto actual de cultura participativa. Permiten o monitorio do representante político. Talvez axuden a cambiar a tendencia de desafección política actual. As TIC dan transparencia e proximidade ás cámaras. Asistimos a unha cidadanía participativa, que emprega mecanismos non formalizados (chats, foros, webs, televisión...). O parlamento 2.0 busca fórmulas de interacción entre parlamentos e cidadáns. Hai que redeseñar as webs para mellorar o acceso e utilizar plataformas de participación *on line*. Asistimos a distintas iniciativas neste sentido, como a ADI (achega, debate, inflúe) do Parlamento vasco ou o programa “Lexisla con nós” do Parlamento galego. No entanto, os niveis de participación foron baixos, o que nos obriga a reformular certas cousas: débese buscar o equilibrio entre a cantidade das participacións e a calidade; divulgar axeitadamente a canle participativa; efectuar un proceso de formación mínimo; os grupos deben avaliar *a posteriori* ese mecanismo de participación. A declaración de transparencia parlamentaria é unha fonte útil nesta tarefa. A información do parlamento é de dominio público. É preciso avanzar nunha nova comunicación política usando internet, con reciprocidade e bilateralidade. Esta información debe estar revestida de *informability*, ou sexa, de capacidade de adaptación aos intereses do público. Non se pode esperar a que a xente vaia ao parlamento, hai que ir a onde está a xente.

Unha cuarta idea na que habería que incidir é na necesidade de incrementar o traballo en rede con outros parlamentos, buscar sinerxías e compartir experiencias.

E en quinto lugar, é positivo reforzar a acción exterior do parlamento. Resulta oportuno seguir incidindo neste sentido, completando o labor que en tal



ámbito efectúan os executivos rexionais. O sistema de alerta temperá, conectado ao principio de subsidiariedade, é un mecanismo cuxo rendemento ten que mellorar. Con relación a iso, Cristina Ares, politóloga que interveu na xornada de traballo do mes de xullo, aposta por reforzar a democracia rexional para reforzar ao mesmo tempo a democracia da Unión Europea. O novo tipo de democracia parlamentaria que se abre no noso continente exige elevar o dinamismo das asembleas e a óptica europeísta.

.....

Como corolario poderíamos afirmar que os parlamentos rexionais deben actuar de forma prospectiva con base en dous criterios: un criterio pragmático, que busque a eficiencia institucional fomentando as mellores prácticas, e un criterio axiolóxico, que persiga o avance na calidade democrática. A aposta permanente por ambos os dous obxectivos será garantía de éxito.